



II PREMIOS AOS MELLORES TRABALLOS FIN DE GRAO E MASTER DO COLEXIO OFICIAL DE BIÓLOGOS DE GALICIA

BASES DA CONVOCATORIA

PRIMEIRA – O concurso está convocado polo Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, con sede en R/Banquete de Conxo,6. Telf.: 981531440, correo electrónico: info@biologosdegalicia.org.

SEGUNDA – O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia ten entre as súas funcións a promoción e fomento do progreso da Bioloxía, o desenvolvemento científico e técnico da profesión, así como do seu servizo á sociedade. Con estes fins concédese os premios aos mellores traballos fin de grao/master.

TERCEIRA – Poderá optar ao Premio o alumnado matriculado nas Universidades Galegas durante o último curso (2023-2024) en calquera das titulacións de Grao en Bioloxía ou Master, neste último caso sempre que a titulación do/a alumno/a sexa de Grao en Bioloxía. O traballo debe estar cualificado polo menos como apto en data anterior ao 1 de outubro de 2024.

CUARTA – Os traballos presentaranse a través da páxina web do COBGA, mediante o formulario habilitado para o efecto <https://forms.gle/JfzkwrgEuiguJGcA>, en formato PDF, xunto co resto da documentación solicitada e o comprobante de pago da taxa de participación.

O prazo de presentación dos traballos finaliza o 3 de outubro de 2024 ás 13:00 horas.

É requisito para participar no concurso o abono dunha taxa de 10 euros, están exentos do pago da mesma os/as precolexiados/as e colexiados/as do COBGA (a precolexiación é gratuita, [mais información](#)). Dita taxa debe abonarse por transferencia ou ingreso en efectivo na conta do COBGA no ABANCA indicando no concepto “PREMIO TFG/TFM + nome e apelidos do participante”.

IBAN ES93 2080 3114 1130 4000 7428

(ABANCA, Avda. de Ferrol, Santiago de Compostela).

A participación no Premio implica a total aceptación das súas bases.



QUINTA – O xurado estará formado por especialistas en distintos campos de coñecemento da Bioloxía e presidido polo Decano do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia. O seu fallo será inapelable.

O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia entende que estes traballos foron xa cualificados por tribunais competentes, polo que os criterios de avaliación para este concurso basearanse nos seguintes aspectos:

- Orixinalidade do traballo
- Achega innovadora
- Presentación e deseño
- Utilidade da súa aplicación

SEXTA – Os premios que conceda o xurado serán os seguintes:

Primeiro Premio TFG: 750 euros

Segundo Premio TFG: 500 euros

Premio TFM: 750 euros

O xurado poderanse conceder accesits cun importe a determinar polo COBGA de considerarse necesario pola calidade dos traballos.

A xuízo do xurado o Premio poderá ser declarado deserto.

Todos os participantes poderán gozar dun período de colexiación gratuíta no COBGA que finalizará o 31 de decembro de 2025. A información sobre o procedemento de colexiación solicitarase na oficina colexial.

SÉTIMA – O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia poderá convidar os autores dos traballos presentados a publicar un resumo do mesmo nos seus medios de comunicación habituais.

OITAVA – O fallo do xurado farase público na web do COBGA antes do 31 de decembro de 2024. A entrega de premios realizarase en acto público.

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

(O prazo de participación finalizará o 3 de outubro de 2024 ás 13:00h.)

Cumprimentando este formulario e achegando co mesmo a seguinte documentación:

- Unha copia do traballo en formato PDF.
- Resumo do traballo cunha extensión de media páxina. Se o traballo está redactado en inglés, o resumo debe ir en galego e ademais, débese traducir tamén o título.
- Expediente académico actualizado do/a autor/a ou autores/a no que figure a cualificación da materia.
- Comprobante do abono dunha taxa de 10 € (excepto colexiados/as precolexiados/as do COBGA que gozan de participación gratuíta), na conta do COBGA en ABANCA.